

IES CANIDO – INFORMACIÓN BÁSICA DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2020-2021

Materia	XEOGRAFÍA E HISTORIA	Curso	4º ESO
DEPARTAMENTO	XEOGRAFÍA E HISTORIA		

OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES

	OBXECTIVOS	CONTIDOS
1ª AVA	a c d g h l ñ f n m	<p>Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 B1.1. Século XVIII en Europa. B1.2. Ilustración. B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.</p> <p>Bloque 2. A era das revolucións liberais B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas, económicas e sociais; principais consecuencias. B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español.</p> <p>Bloque 3. A Revolución Industrial B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro. B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? B3.5. A ciencia no século XIX.</p> <p>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.</p>
2ª AVA	g h l a c d n	<p>Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. B4.4. Revolución Rusa. B4.5. A arte no século XIX.</p> <p>Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. B5.3. II República española e a Guerra Civil.</p> <p>Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.</p>

		<p>B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.</p> <p>B6.3. O Holocausto.</p> <p>B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.</p> <p>B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.</p> <p>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>B10.2. Cambio e continuidade.</p> <p>B10.3. Tempo histórico.</p>
3ª AVA	a d g h l f m c ñ e	<p>Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético</p> <p>B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista.</p> <p>B7.2. Crise do petróleo (1973).</p> <p>B7.3. Ditadura de Franco en España.</p> <p>Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI</p> <p>B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.</p> <p>B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.</p> <p>B8.3. Transición política en España.</p> <p>B8.4. Camiño cara a Unión Europea.</p> <p>Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI</p> <p>B9.1. A globalización económica.</p> <p>B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.</p> <p>B9.3. Consecuencias da globalización.</p> <p>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea..</p>

	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	MÍNIMOS ESIXIBLES
1ª AVA	<p>Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789</p> <p>B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.</p> <p>B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.</p> <p>B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.</p> <p>Bloque 2. A era das revolucións liberais</p> <p>B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.</p> <p>B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende a importancia da representación do tempo e do espazo para unha formación histórica - É capaz de elaborar eixos cronolóxicos dos séculos XVIII e XIX. - Define conceptos básicos dos aspectos económicos, políticos e sociais da etapa. - Interpreta os cambios relativos á Revolución Industrial e aos imperialismos. - Define conceptos básicos relacionados coa etapa histórica.

	<p>Bloque 3. A Revolución Industrial</p> <p>B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.</p> <p>B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.</p> <p>B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.</p> <p>B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.</p> <p>B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais</p> <p>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.</p>	
<p>2ª AVA</p>	<p>Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial</p> <p>B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.</p> <p>B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.</p> <p>B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.</p> <p>B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.</p> <p>B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.</p> <p>Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)</p> <p>B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.</p> <p>B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.</p> <p>B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil</p> <p>Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Interpreta os cambios relativos á Revolución Industrial e aos imperialismos. - É capaz de interpretar estes últimos traballando con mapas. - Determina as causas dos diferentes conflitos da época. - É capaz de elaborar eixos cronolóxicos do momento. - Define conceptos básicos relativos as transformacións e conflitos da época. - Coñece e explica a través do traballo de textos e mapas as características do mundo deste momento. - Define conceptos básicos relacionados coa etapa histórica.

	<p>B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.</p> <p>B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.</p> <p>B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.</p> <p>B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.</p> <p>B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.</p> <p>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p> <p>B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</p>	
<p>3ª AVA</p>	<p>Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético</p> <p>B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.</p> <p>B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.</p> <p>B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.</p> <p>Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI</p> <p>B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.</p> <p>B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.</p> <p>B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.</p> <p>B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Diferencia os rexímenes políticos que marcan, tanto en España como no mundo en xeral, a segunda metade do século XX e os inicios do XXI. - Determina as causas dos diferentes conflitos da época. - É capaz de elaborar eixos cronolóxicos do momento. - Define conceptos básicos relativos as transformacións e conflitos da época. - Coñece e explica a través do traballo de textos e mapas as características do mundo deste momento. - Define conceptos básicos relacionados coa etapa histórica.

	<p>Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI</p> <p>B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.</p> <p>B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.</p> <p>B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.</p> <p>Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</p>	
--	---	--

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

probas escritas e/ou orais previstas por avaliación	80%
traballo diario, elaboración de traballos, caderno, exercicios	10%
actitude, interese, participación, respecto, compromiso e interese do alumno	10%

CRITERIOS E PROCEDEMENTO DE CUALIFICACIÓN

A avaliación é continua, e efectuarase a través da observación directa e rexistro do traballo e das actividades do alumno..

Para superar cada avaliación o alumno deberá realizar as probas obxectivas sobre os temas tratados e superalas, así como ter feitos nos cadernos da materia tódolos traballos da clase que sexan programados para cada un dos temas.

Para facer media será necesario acadar como mínimo unha nota de 2 en cada proba.

Terase en conta a corrección ortográfica e gramatical, descontando ata un máximo de 0,10 por exame.

Cando o alumno non acade o aprobado (5=suficiente) na avaliación por moi pouco (ten que estar por riba do 4) poderá realizar voluntariamente pequenos traballos de investigación que servirán para alcanzar o aprobado, sempre que o profesor o considere oportuno despois de valorar os diversos aspectos de aprendizaxe do alumno ao longo da avaliación.

Cando un alumno non se presente a unha proba terá que presentar un xustificante oficial ou non se lle repetirá o exame.

Avaliación Final de Xuño:

- Farase a proba de toda a materia para aqueles alumnos que non aprobasen ningunha avaliación. Para superar a materia o alumno terá que acadar, como mínimo un 5.
- Igualmente para o alumnado que tivera unha ou dúas avaliacións non superadas farase
- Unha proba cos contidos propios de cada avaliación non superada. A cualificación final neste caso será o resultado da nota media das avaliacións, tendo presente que a cualificación en cada unha delas en ningún caso pode ser inferior a 3,5 puntos para poder facer media.

Avaliación extraordinaria (setembro)

- O alumno que non fose avaliado positivamente en xuño deberá examinarse de toda a materia na avaliación final extraordinaria, por considerarmos esta proba como algo global.
- Excepcionalmente o departamento por decisión unánime pode esixir unicamente o exame dunha parte dos contidos (por enfermidade, problemas familiares, etc, cuestións que influíran no alumno/a no momento correspondente durante o curso ordinario).

ESCENARIOS POSIBLES EN FUNCIÓN DA EVOLUCIÓN SANITARIA. ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

Segundo o recollido nas instrucións remitidas aos Centros para a elaboración da programación do curso 2020-21 a presente programación do Departamento de Xeografía e Historia, contempla dous escenarios posibles en función da evolución sanitaria: actividade lectiva presencial e non presencial. Recollemos de seguido, os criterios fundamentais para este último escenario de non presencialidade, tanto total, como parcial.

1. Ensino non presencial. Ferramentas e metodoloxías de traballo.

Se a declaración de casos positivos no Centro levase á necesidade de activar un escenario de aprendizaxe non presencial, aplicaranse as medidas recollidas non plan de continxencia do centro que contempla, entre outros, os seguintes aspectos:

A aula virtual e g suite serán as plataformas de traballo ordinarias para o desenvolvemento da educación a distancia, tanto naqueles casos puntuais, con aquel alumnado que parcialmente estea en situación de corentena, cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

Os traballos programados recolleranse na aula virtual e/ou en g suite –tarefas ou actividades- Incluirán: resolución de problemas, comentarios de texto, pequenas investigacións e diferentes exercicios de reforzo e recuperación.

Pola súa banda, as metodoloxías a aplicar neste escenario, requiren complementar estas plataformas coas outras ferramentas corporativas que está a poñer a nosa disposición a Consellería. En primeiro lugar a plataforma para videoconferencia Falémos e o Meet de g suite para o contacto co alumnado e a presentación e desenvolvemento das actividades propostas.

Ao comezo de cada semana se informará a cada grupo dos traballos programados, sen esquecer as particulares situacións individuais. Ao final de cada xornada farase balance e darase resposta dos exercicios ou actividades subidas e correxidas.

Tarefas/actividades e formatos empregados:

Nun escenario de confinamiento parcial ou total a nosa programación procurará reforzar cada unha das unidades cun maior número de recursos relacionados cos estándares de aprendizaxe. Así, todas as unidades subidas as plataforma da Aula Virtual poden contar con: presentacións -en power point- dos contidos asociados aos seus estándares de aprendizaxe; textos resume –en formatos docx e pdf-; así como, diferentes arquivos audiovisuais –youtube preferentemente. Finalmente, todas as unidades complétanse cun bloque de exercicios e actividades, baixo diferentes soportes e cun deseño apoiado en aprendizaxes en competencias.

Ditas actividades propostas baixo diversos formatos, responden a diversas tipoloxías: Exercicios interativos autocorrexibles. Fichas de repaso,..... Finalmente, sinalar que se realizará un deseño de actividades de reforzo e fixación de aprendizaxes para aquel alumnado con maiores dificultades.

Procedementos de avaliación:

Na recompilación das “evidencias de aprendizaxe” empregaranse ferramentas comúns de avaliación competencial que faciliten a análise das tarefas e da resolución individual de actividades, así como a redacción e a presentación de traballos escritos.

Estes serán avaliados, preferentemente a través de “rúbricas” ou guías moi sinxelas.

Instrumento que facilita a valoración do desempeño do alumnado ao realizar calquera das actividades ou tarefas propostas.

As probas escritas ou orais como instrumento de avaliación tamén se aplicarán acomodando a súa realización ás condicións de non presencialidade mediante algunha solución técnica -gravación, tempos tasados, etc.- previamente consensuados co alumnado. Non obstante, estas probas serán, nestes escenario de confinamento- moi limitadas.

2. Alumnado con dificultades para o ensino telemático.

Para garantir o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática por non dispoñer de acceso a rede ou non teña equipos informáticos o noso centro, dentro do plan de continxencia, ten previsto despregar as oportunas medidas para ofrecer ás familias con tales dificultades, os medios informáticos básicos. Nos casos identificados, desde o Departamento farase un seguemento pormenorizado do uso destes equipos e das posibles dificultades que poidan xurdir, para que, se fora necesario, complementar outras medidas de xeito coordinado co departamento de orientación; tales como, achegarlles en formato papel aqueles contidos e recursos esenciais para seguir o desenvolvemento do curso.